Apelidos e nome da persoa candidata:

2020

Galego

Proba de certificación de nivel básico A2

Produción, coprodución e mediación escrita

Puntuación e duración:

			NON ESCRIBIR Espazo para a corrección
Tarefa 1	Aprox. 25 minutos	12,5 puntos	
Tarefa 2	Aprox. 25 minutos	12,5 puntos	
	máx. 50 MINUTOS	**TOTAL 25 PUNTOS**	**..... /25**

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba:

- Bolígrafo con tinta azul ou negra.

Advertencias para a persoa candidata:

- Os teléfonos móbiles deben estar apagados durante a proba.
- Os tempos son orientativos e non haberá pausa ningunha entre as distintas tarefas.
- Non se cualificará ningunha tarefa escrita con lapis ou emendada con líquidos ou cintas correctoras.
- Serán penalizadas as tarefas que non se axusten á extensión indicada nas instrucións.
- Non se cualificarán as tarefas que estean escritas *completamente* en maiúsculas.
- Non se avaliarán “borradores” das tarefas.
- A folla empregada como borrador entregarase ao remate da proba.
- Deberá asinar a entrega desta proba no documento correspondente.

TAREFA 1: COPRODUCIÓN ESCRITA E MEDIACIÓN (……. /12,5)

Tempo aproximado para realizar a tarefa: 25 minutos

TEMA: ***VIAXES E TRANSPORTES***

Vostede quere viaxar cunha amiga, en tren, dende a cidade da Coruña á cidade de Lugo. Estes son os horarios que atopou en Internet:

Horarios e prezos

Orixe A Coruña Destino Lugo

Día 28 Mes Xullo Ano 2020 BUSCAR

renfe

A Coruña – Lugo (ida)	Lugo – A Coruña (volta)
09.00 horas	08.00 horas
11.30 horas	10.30 horas
17.00 horas	19.30 horas
19.30 horas	21.00 horas

Decide escribirlle un **correo electrónico** á súa amiga.

<u>Trate os tres puntos seguintes</u>:

- Dígalle por que quere ir con ela a Lugo.
- Coméntelle as posibilidades que teñen para ir pola mañá e volver pola tarde, segundo a información da Rede (ida e volta).
- Propóñalle algunha actividade para facer durante o día (comida, visitas…).

Número de palabras: mínimo 70 - máximo 90

- Ten que tratar todos os puntos da tarefa.
- O texto debe respectar o número de palabras que lle indican.
- Conte o número de palabras e anóteo no exame.

TAREFA 2: PRODUCIÓN ESCRITA (……. /12,5)

Tempo aproximado para realizar a tarefa: 25 minutos

TEMA: *VIVENDA*

Vostede quere cambiar de vivenda e está buscando un piso para alugar.

Escriba un anuncio para colocar no taboleiro do supermercado do seu barrio. **Trate os tres puntos seguintes:**

- Describa a vivenda que busca (tamaño, mobles, prezo…).
- Indique en que zona lle gustaría vivir e os servizos que debe haber.
- Explique por que é vostede a persoa perfecta para ter de inquilina e indique os seus datos de contacto.

Número de palabras: mínimo 80 - máximo 100

➢	Ten que tratar todos os puntos da tarefa.
➢	O texto debe respectar o número de palabras que lle indican.
➢	Conte o número de palabras e anóteo no exame.